

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2004

O día 13 de decembro de 2004, ás 10.15 horas en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Excmo. e Magnífico Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES

A Secretaria Xeral informa que procede aprobar as actas das sesións extraordinarias do Claustro que tiveron lugar o 30 de xaneiro de 2003, 6, 7, 13, 14 e 15 de maio de 2003, 18 de setembro de 2003, 24 de marzo de 2004 e 17 de xuño de 2004, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña coa debida antelación para a súa consulta por parte dos membros do Claustro.

As actas apróbanse por asentimento.

2.- PRESENTACIÓN E DEBATE SOBRE AS LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O ANO 2005

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen expón o contido das liñas xerais do orzamento da UDC para o ano 2005, que figuran no **ANEXO IV**.

Aberta a quenda de intervencións intervén o Sr. Vidal Romani, quen solicita o aumento da contía das bolsas e pregunta que son os gastos de carácter inmaterial. O Sr. García Mira felicita o equipo reitoral pola transparencia nas cifras e números e polo plano estratéxico e pregunta polos complementos autonómicos que non se orzan. O Sr. Portela Fernández solicita que se reduza a partida dedicada ao pago das horas extraordinarias do persoal, pois esas necesidades deben atenderse doutra maneira, e que a súa utilización se acorde cos representantes dos traballadores. O Sr. García Vázquez pregunta polas medidas concretas para mellorar a liquidez e se a débeda prevista para o 2004 chegou a executarse ou non, e sinala a conveniencia de aclarar a compatibilidade de 75.000 euros en xuros cos retrasos nos pagos aos provedores e o aumento das transferencias correntes. Indica que sería máis adecuado coidar a linguaxe e non falar de superávit, senón de equilibrio. O Sr. Delgado Martín lamenta a falta dunha explicación do plano de financiamento, que ao seu xuízo tería que ter sido previa. Co plano actual, a UDC perde na súa opinión uns 2 millóns de euros; desaparece o concepto de financiamento polo grao de experimentalidade, que beneficiaba á UDC; pregúntase como é posible pór en marcha novas titulacións ata o 2010; indica que os sexenios e complementos autonómicos non deben formar parte do fondo de calidade, cuxo reparto non é equitativo entre as tres universidades; solicita que o fondo de compensación pola mala xestión da USC se reparta coa UDC; sinala que o financiamento do INEF é insuficiente; que a investigación desaparece como obxectivo clave da actualización informática e que se substitúe pola xestión; respecto da débeda afirma que era inadecuado abordala cando se fixo, sen plano de

financiamento, e que hoxe xa sería posible; no tema de profesorado, solicita que se teña en conta a promoción do xa consolidado; pregunta polo destino dos investimentos reais e critica que non existan criterios para a aplicación do fondo de continxencias. O Sr. Navarrina Martínez pregunta pola situación do pagamento aos provedores. O Sr. Abalde Alonso agradece que o documento presentado ao Claustro teña cifras, non como antes, e que o tempo das intervencións sexa flexible. Pregunta pola duración do fondo de nivelación e se o incremento previsto se vai manter ata o 2010. A Sra. Martínez López pregunta a causa do incremento do gasto de bens e servizos. A Sra. Candedo Gunturiz solicita aclaración sobre as melloras, obrigas e compromisos do plano de financiamento.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica aclara que os gastos inmateriais se refiren á investigación científica, fondo de continxencias, investimentos do Consello Social en premios de investigación e que tamén incluírán os proxectos da Xunta de Galicia. Parte dos fondos de funcionamento dos departamentos transferirónse ao capítulo II, o que facilita a tramitación dos expedientes de gastos. Sobre os complementos autonómicos, sinala que só se orzaron aqueles que a Xunta de Galicia se comprometeu a pagar.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado sinala que se orzaron tamén os atrasos e por iso se incrementa en parte a partida de persoal. A Xunta non prevé poñer en marcha outros complementos, mais a UDC instaráa a facelo. Subliña o compromiso deste Claustro e do equipo reitoral coa estabilidade do profesorado contratado, que é unha prioridade absoluta, de modo que a promoción a catedráticos queda para máis adiante. Aclara as razóns que xustifican o pagamento con horas extraordinarias ao profesorado que cobre baixas ou ausencias con carácter preferente á convocatoria de concursos.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica engade que no PAS as horas extraordinarias deben ir desaparecendo, sobre todo unha vez que a nova RPT atenda as necesidades. A normativa para horas extraordinarias será pactada cos representantes dos traballadores. Sobre a liquidez, salienta que as obrigas pendentes de pagamento no 2003 acadaron os 18 millóns de euros e que a situación dos pagamentos é similar este ano á do ano pasado. Priorízouse o pagamento de FEDER, porque supón un retorno do 70%. En relación coa débeda, no orzamento de 2004 prevíase unha débeda de 5,1 millóns de euros. No Consello Social introduciuse a posibilidade de acudir ao financiamento de parques tecnolóxicos. A UDC concorreu e obtivo case 2 millóns de euros, a un xuro do 0%, e a un prazo de quince anos, incluíndo os anos de carencia.

O Sr. Vicerreitor do Campus de Ferrol e Relación Universidade-Empresa engade que esta é a primeira vez que a UDC recibe unha contestación positiva á súa petición neste ámbito, aínda que xa concorrera no 2002 e no 2003 con outras solicitudes.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica indica que na cuestión da débeda se decidiu actuar pola vía do gasto e que se calculan remanentes de crédito en moitos capítulos. Aínda así, o remanente negativo do 2003 non se pode solucionar nun ano, ao requirir un plano plurianual. Respecto dos xuros, indica que sempre hai un saldo de tesouraría para afrontar imprevistos, e que ese saldo produce xuros. As tensións de tesouraría deberían quedar solucionadas en xaneiro, pois estase a xestionar o cobro do que deben á UDC. No tema de superávit, sinala que segue a terminoloxía do Prof. Álvarez Corbacho: ingreso non financeiro menos gasto non financeiro= superávit. Sobre o plano de financiamento, salienta que é inútil falar do que puido ser. O anterior acordo de financiamento non foi bo, ao chegaren as universidades exhaustas ao 2003. Apunta que máis que de novas titulacións debemos falar

da racionalización do mapa actual de titulacións; que o reparto dos fondos de calidade non é definitivo e o próximo ano os criterios empregados poden ser máis prexudiciais coa UDC, pois a nosa situación é peor.

A Sra. Vicerreitora de Investigación sinala que o reparto do fondo de investigación foi moi discutido e non houbo acordo.

O Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea informa que para o reparto do fondo de calidade ás tres universidades chegaron ao acordo de repartir o 30% para cada unha e o 10% restante atendendo a indicadores previamente consensuados e que a Consellería rompeu o acordo e decidiu o 50% para a USC, o 25% para Vigo e o 25% para A Coruña.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica subliña que do fondo de nivelación o 57,43% é para a UDC, e que os reitores da UDC e de Vigo conseguiron que ese fondo aumentase cada ano ata o 2010. Afirma que o reparto do fondo de investimentos nos beneficia moito, e é moi incondicionado, o que nos favorece. Sobre o INEF, o decreto de transferencias sinala todo o que recibe a UDC e agora queda pouco por facer, aínda que seguen a se facer esforzos neste sentido. Tamén informa que está intentando recuperar os remanentes de tesouraría polo Centro de Documentación e Arquivo que non foron incorporados.

O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental informa que o 30% do capítulo VI se destina á liquidación das obras de urbanización e dos edificios xa terminados, que sufriron modificacións importantes nos seus orzamentos; ao transporte dedícase o 27%; e novas edificacións ligadas á investigación o 30%. Indica que se duplican os fondos para RAM.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica defende que as ferramentas informáticas de xestión son importantes para conseguir indicadores adecuados; que o fondo de continxencias serve para paliar remanentes de tesouraría negativos; e que é difícil reducir gasto no capítulo II mais que se debe seguir facendo un labor pedagóxico. Sobre o acaecido cun buró fax que Artabria fixo público, manifesta que non é necesario substraer información dos servizos, pois el sempre estivo disposto a dala, e que esa filtración podería dar lugar á esixencia de responsabilidade do funcionario. Respecto ao soldo do Xerente, que Artabria dixo era de máis de 100.000 euros, manifesta que é de 60.000 euros brutos anuais, segundo certificación do Servizo de Retribucións. O incremento do capítulo II responde na súa opinión a un exercicio de realismo, de forma que non sexa necesario imputar a outro ano os gastos. Nunha valoración do plano de financiamento indica que debe ser positiva, aínda que é mellorable, e que estamos nunha situación razoable, aínda que debemos potenciar os nosos puntos fortes.

3.- QUENDA DE INTERVENCIÓNS

O Sr. Reitor abre a quenda de intervencións.

O Sr. Cardenal Carro solicita información sobre o custo do préstamo para parques tecnolóxicos e a que se destina, e pregunta por que o fondo de continxencia é só dun millón. O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa que o préstamo non xera novo investimento e non ten custo.

O Sr. Delgado Martín afirma non acredita en que a UDC teña un problema de liquidez, porque non o tiña no 2003, e que o soldo do Xerente debe ser proporcional á súa responsabilidade. O Sr. Vicerreitor contesta que sempre se deron todas as explicacións adecuadas. A Sra. Vicerreitora de Investigación informa que a execución dos fondos FEDER 2000-02 só estaba rematada nun 37%, e que este ano se pagaron 7 millóns por expedientes abertos no ano 2002. O Sr. Xerente subliña a falsidade das cifras que se deron á prensa sobre o seu salario.

O Sr. Álvarez Pichel pide información sobre un certificado solicitado á Secretaría Xeral o 27 de outubro e manifesta que a non resolución expresa ata o momento do recurso de reposición presentado contra o acordo do Consello de Goberno de convocatoria de eleccións de representantes de estudantes no Claustro é unha grave negligencia. Reprocha a falta de información sobre que a porcentaxe de representación dos estudantes era dun 20%, e non dun 25%. Pregunta por que hai que pagar polo uso do Pavillón Universitario e resalta as molestias causadas polo curso de condución segura. A Secretaria Xeral informa que o recurso será tratado no Consello de Goberno do día 14 de decembro. O Sr. Reitor informa que o curso de condución segura foi organizado pola Xunta de Galicia.

O Sr. González Penedo solicita que os programas informáticos de xestión permitan xestionar os proxectos de investigación e que non se cambien os procedementos a metade do ano.

O Sr. Portela Fernández salienta o pouco talante universitario do grupo Artabria no asunto do soldo do Xerente.

O Sr. Villar de la Riera pon de manifesto problemas no desenvolvemento das eleccións: faltaban bolígrafos para cubrir as papeletas, non había sobres, para o voto anticipado non estaban preparadas as papeletas, retraso na hora de inicio da votación... e todo iso faulle pensar que había intencións de que gañasen outros, poñendo de exemplo o sucedido coas credenciais dos interventores de GADED, que non estaban preparadas, e lamenta a valoración das eleccións feita desde a Reitoría. A Secretaria Xeral expón que a comunidade universitaria dispón de bolígrafos, e que ninguén quedou sen votar por esa cuestión, que os sobres non estaban contemplados no regulamento electoral, que o voto anticipado, a pesar dos problemas, puido facerse e foi válido, e que se os interventores de GADED non estaban acreditados a tempo foi porque o escrito se presentou no centro e o centro non o enviou á Comisión Electoral Central, e aínda así os interventores foron aceptados nas mesas e as acreditacións enviadas o mesmo día. Felicita ao Sr. Villar polo éxito de GADED na Facultade de Dereito.

A Sra. Rey García manifesta que se houbo retrasos na hora de inicio foi pola ausencia dos membros da mesa electoral e que os interventores de GADED puideron actuar e foron admitidos co consentimento dos interventores de IESGA, que non se opuxeron. Reprocha ao Sr. Villar que vaia de independente cando non o é, e aparece na foto detrás do candidato que perdeu as eleccións.

O Sr. Pazos Sierra manifesta o seu desexo de que non se pague a débeda cos fondos dos parques tecnolóxicos e comenta que, se outros anos non se acadou nada, foi porque ao parque non lle interesaba financiar as propostas da UDC. O Sr. Vicerreitor do Campus de Ferrol e Relación Universidade-Empresa contesta que as axudas se dan para o que se pide e que este ano se empregarán en cubrir os FEDER.

A Sra. González Martínez pregunta se hai algún PAS que cobre máis que o Xerente, e sinala que se for así cómpre unha rectificación.

O Sr. Fernández López fai unha corrección técnica no referente aos gastos de persoal e observa o pequeno incremento dos fondos bibliográficos. A Sra. Vicerreitora de Investigación informa da mellora da xestión das adquisicións e indica que se pediu unha rebaixa do IVE dos paquetes electrónicos.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 14.00 horas do día 13 de decembro de 2004.